



Os petróglifos da Quenlla dos Carballos na Estrada. Un santuario rupestre cunha dedicatoria a Diana na ribeira do Ulla

Colectivo A Rula

colectivoarula@gmail.com

Juan Manuel Abascal Palazón

juan.abascal@ua.es

Resumo. Estudo do xacemento rupestre da Quenlla dos Carballos localizado na parroquia de San Xurxo de Veá, no concello da Estrada. Achéganse datos de novos paneis gravados e unha nova interpretación dun conxunto rupestre considerado ata agora de época histórica. Os traballos realizados permiten identificarmos un espazo sacro cun uso moi prolongado ó longo do tempo, dende o período Calcolítico ou Bronce Inicial, representado polas combinacións de círculos concéntricos propios da Arte Rupestre Atlántica, ata o século I da nosa era, cunha inscrición votiva dedicada á deusa Diana.

Abstract. Study of the cave site in Quenlla dos Carballos, located in San Xurxo de Veá parish, in A Estrada city council. It provides information about new engraving panels and a new interpretation of the site. The carried out work allowed to identify a sacred space with prolonged use over time, from the Copper or early Bronze Age, represented by panels with Atlantic Rock Art, to the first century AD, with a votive inscription to the goddess Diana.

Introdución

As gratas sorpresas continúan no traballo de revisión que estamos a facer nos últimos meses dos xacementos rupestres da contorna inmediata da comarca de Santiago. Nesta ocasión cruzamos á outra beira do río Ulla para acercármolos ó Concello da Estrada e visitar a estación catalogada co nome de Quenlla dos Castiñeiros e a súa contorna que, malia a información previa dispoñible, revelouose como un xacemento de altísimo interese para a investigación da nosa arte rupestre prehistórica.

Achegamos aquí un primeiro informe dando noticia das novas descubertas e do grande interese que presenta este ben cultural, un conxunto rupestre considerado erroneamente como de época histórica (GA36017212).

Os traballos realizados permiten identificar un espazo sacro cun uso moi prolongado ó longo do tempo, comezando no período Calcolítico ou Bronce Inicial, representado polas combinacións de cír-

culos concéntricos propios da arte rupestre atlántica (unha delas de case un metro de diámetro), ata o século I da nosa era, segundo se desprende do exame dunha inscrición votiva dedicada á deusa Diana. Un enclave especial na paisaxe, cun uso continuo que perdurou ata épocas recentes, como reflicten a presenza de cruces cunha presumible intención de cristianización e como gravados de termo.

Alén disto, o emprazamento alíñase topoastronomicamente respecto do Pico Sacro no orto do luasticio maior norte, o que evidencia a existencia no lugar dunha adoración a unha deidade indíxena lunar que o sincretismo relixioso romano converteu na deusa Diana.

Outro elemento de especial interese é a presenza dun motivo barquiforme vinculado a un círculo con coviña central, que semella representar unha embarcación solar/lunar, representación sen paralelos coñecidos no corpus de arte rupestre do noroeste.


É un xacemento excepcional ó combinar a presenza de arte atlántica galega nun lugar de culto precristián posteriormente cristianizado. A análise dos diferentes paneis gravados testemuñan a sacralización dun outeiro de grande simbolismo situado a rentes do Ulla.

Situación

O xacemento da Quenlla dos Carballos/O Viveiro sitúase na cima dun outeiro próximo á ribeira do Ulla, no lugar do Casal da parroquia de San Xurxo de Veá, no norte do concello da Estrada. Coordenadas UTM: 29 T 535475 4732011, altitude: 182 m.s.n.m.

O conxunto patrimonial da Quenlla dos Carballos emprázase nunha interesante contorna natural de bosque autóctono atlántico mais con certos matices de clima mediterráneo, no que destacan os numerosos exemplares de sobreiras, típicas da bacía do Ulla, que aparecen mesturadas con carballos. Non obstante, as recentes plantacións de eucalipto que chegan a escasos metros das rochas gravadas están a mudar esta paisaxe.

Este outeiro é un magnífico miradoiro natural sobre o río Ulla, a 450 m de distancia, nunha zona de canón con pendentes superiores ó 30%. Neste treito do río aínda poden verse antigas pesqueiras,



Plano de situación do xacemento.

como a de Bumio (Barcala), no concello da Estrada, ou a de Bustelo na ribeira teense, localizadas entre os coutos de Couso e Sinde, antes da zona coñecida como o Pozo Negro.

Asemade, dende este outeiro, dada a súa privilexiada situación no bordo da depresión meridiana, podemos albiscar as principais elevacións que conforman a paisaxe da bacía do Ulla: ó norte o Alto da Cruz de Cabanelas, o Monte da Cruz do Xastre, a aldea de Coira, na parroquia de Reis, e Rial do Mato, na de Rarís, todos no concello de Teo. Tamén podemos divisar a estivada do desaparecido mosteiro de S. Bieito en Padrón.

Cara ó poñente divísanse as aldeas da parroquia de Carcacia, e nun segundo plano a cordal que forman o Monte Miranda e os cumios do Meda, Castelo de Roque, Castelo Redondo e Monte do Castelo (Padrón), e máis o SO, o Castro Valente entre Padrón e A Estrada. Cara ó leste, o Souto de Veá, Couso e as terras altas de Pontevea co castro de Santa Marta en Teo, a aldea do Vilar en primeiro termo e, por detrás, o gran faro da comarca, o Pico Sacro. A visión cara ó sur vese reducida pola maior elevación do veciño monte da Pedra Santeira que oculta a vista das aldeas da parroquia de San Xurxo de Veá.

Na súa contorna, a 700 metros ó leste, está catalogado un petróglifo histórico, a denominada Pedra Santeira, GA36017210, un pequeno panel a rentes do chan cun cruciforme e varios alfabeti-



Fotografía aérea do Outeiro da Quenlla dos Carballos e a súa contorna ó NO.

formes realizados por un antigo propietario do monte, canteiro de profesión, na segunda metade do século pasado (Fernández Castro: 2008). A 1500 metros ó sur, localízase o petróglifo da Costa dos Cabalos (GA36017211), xacemento con catro interesantes paneis graníticos con motivos xeométricos característicos da arte atlántica e, a 200 metros deste, a Pedra dos Cabalos, GA36017090, que comprende dous paneis con coviñas, cruciformes e outros motivos de máis difícil interpretación.

O petróglifo da Quenlla dos Carballos

Neste afloramento de xisto de considerables dimensións localízanse varios paneis gravados con motivos diversos que, inicialmente, podemos adscribir a varios períodos cronolóxicos, dende os máis antigos, da Idade do Bronce, ata os máis modernos, xa de época medieval/moderna. É un afloramento de penedas de formas irregulares e dimensións moderadas, rochas con formas de crista con superficies verticais irregulares que se apoian entre si formando pequenos abrigos ou agochos baixo delas.

A primeira referencia a este conxunto aparece na publicación *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* do ano 2008, no artigo



Fotografía xeral coa distribución dos diferentes paneis.

«Gravados rupestres da Estrada: da Idade do Bronce ós nosos días» (páxs. 217-218), do investigador estradense Juan Andrés Fernández Castro. O autor atopa moitas similitudes entre os soportes pétreos desta estación e da veciña Pedra dos Cabalos, coa que considera que tamén comparte unha cronoloxía histórica. Nunha sucinta descrición indica a presenza nela de cruciformes, circunferencias e curvas abertas.

Na actualidade, o xacemento está catalogado no Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia e no inventario patrimonial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Estrada (páx. 65) do ano 2013 co código GA36017212 coa denominación de Quenlla dos Castiñeiros. Na correspondente ficha de inventario clasifícano como un gravado de época medieval composto por tres paneis con diversos cruciformes e cazoletas e unha «cartela» non lexible con luz natural.

Analizada a toponimia catastral e a recollida en antigos planos da zona optamos por denominar o conxunto como A Quenlla dos Carballos ou O Viveiro, microtopónimos máis próximos que o escollido inicialmente polo catalogador para denominalo.

O outeiro, pese a súa reducida altura, destaca sobre o terreo inmediato, sendo de maior inclinación e lonxitude as pendentes que

caen cara o sur e o oeste e máis suaves as que descenden cara ó norte e o leste. Nestas pendentes abundan as penedas de dimensións e características similares ás do cumio, as únicas elixidas nesta ocasión polos gravadores.

Descrición. Os paneis prehistóricos

Nas visitas ó xacemento localizamos dúas estacións rupestres, a primeira formada por varios paneis, algúns non incluídos nas descriucións anteriores. En total contabilizamos seis superficies con gravados prehistóricos característicos da arte atlántica e do nomeado grupo galaico da arte rupestre. Trátase de motivos de temática xeométrica cun amplo repertorio integrado por coviñas, aneis, combinacións circulares e sucus lineais.

Porén, cómpre salientar dúas figuras singulares, un motivo barquiforme e unha probable alabarda.

Alén dos gravados tamén debemos indicar a presenza dunha segunda estación, formada por un panel cun interesante epígrafe rupestre.

En xeral, todos os gravados presentan fortes erosións que dificultan a súa interpretación ó que se lle une a dificultade engadida que supón o soporte elixido, o xisto, con superficies irregulares de moita rugosidade e a presenza de numerosas diáclases.

Estación 1

Panel 1

É unha laxe de forma alongada e superficie horizontal lixeiramente inclinada cara ó NE de 3,80 m de longo e 1,40 cm de ancho e 70 cm de alto na parte máis prominente. Está orientada ó nordés, cara ó Pico Sacro co que ten unha visualización directa. Consérvanse nela ata 6 combinacións circulares de diferentes tamaños distribuídas por toda a superficie da laxe, mesmo unha delas gravada no canto superior oeste do panel con continuidade na superficie vertical lateral da laxe.

A combinación de maiores dimensións ocupa unha posición central, lixeiramente desprazada ó oeste onde a superficie da rocha




Imaxe do panel 3 da estación 1. Pormenor da «embarcación solar».

acada maior anchura. Está formada por nove aneis, catro coviñas no centro e un suco de saída que parte do seu interior e chega ata o bordo inferior da rocha. Mide 98 cm de diámetro e, polo tanto, é unha das combinacións de maior tamaño das localizadas en Galiza elaboradas neste tipo de soporte pétreo.




Combinacións circulares do panel 1.



Fotogrametría panel 1.

Ó oeste desta combinación, case no bordo do panel, consérvase unha pequena combinación de dobre anel, moi erosionada e duns 25 cms de diámetro. O resto das combinacións sitúanse acaroadas á maior nos lados leste e nordés e, á vez entre si, case unidas pero sen chegaren a tocarse, a relación máis habitual entre motivos da nosa arte rupestre, a xustaposición. Están formadas por entre catro e dous aneis e teñen diámetros que oscilan entre os 45 e os 20 cm. Algunhas foron feitas aproveitando as protuberancias naturais da propia rocha. A maioría teñen coviña central e, polo menos dúas delas, radio de saída que se prolonga dende o centro cara ó bordo inferior da laxe. Noutros casos o suco de saída enlaza varios motivos. A combinación situada máis ó leste presenta dous apéndices no seu bordo nordeste, tamén presentes en numerosas estacións do Grupo Galaico rupestre como a de Narahio en Muros. Obsérvanse tamén varios aneis ovalados con coviña central moi degradados e restos doutras posibles combinacións case imperceptibles.

O conxunto configúrase como un verdadeiro monumento prehistórico ó «horror vacui», a superficie cóbrese case completamente mediante a acumulación de figuras entre as numerosas diáclases naturais da rocha que semellan integrarse na escenografía que procuraban plasmar estes gravadores de hai 4000 anos. Todo isto fai que



Pormenor das combinacións circulares do bordo inferior do panel 1.

a visualización dos motivos non sexa doada, pero si se observa con axuda de luz rasante artificial, ou con boas condicións de luz natural e a superficie mollada, pódese contemplar un panel dunha gran plasticidade.

Panel 2


É unha pequena superficie situada a rentes do chan e inmediata ó borde sur/suroeste do panel 1 que se apoia nela parcialmente. Conserva tres cazoletas.

Panel 3. A embarcación

Sitúase inmediato ó suroeste do panel 1. Trátase dunha parede vertical de máis de cinco metros de longo por case tres de altura que presenta gravados de diferente tipoloxía. Como o panel número 1 está orientado cara o Pico Sacro, ó nordés.

No extremo leste do panel, á esquerda do espectador, dous cruciformes históricos, unha cruz latina de 27 x 12 cm e unha cruz grega potenziada de feitura moi irregular e erosionada duns 25 x 11 cm.

Á dereita destes motivos ocupa unha posición central unha combinación circular de 30 cm de diámetro formada por dous aneis e



Fotogrametría do panel 3.


coviña central da que parte un trazo radial de saída que se prolonga fóra da figura cara ó borde inferior do panel.

Trátase dun motivo clásico da arte atlántica coa particularidade de que, nesta ocasión, gravouse nun panel totalmente vertical, algo pouco habitual. Presenta un suco máis estreito e mellor conservado cós outros sucus dos motivos de maiores dimensións do mesmo panel.

Na metade oeste do panel, á dereita do observador, un círculo duns 50 cm de diámetro con coviña central. Está elaborado cun suco ancho (3 cm) que facilita a súa localización e semella feito mediante piqueteado sen o habitual proceso de abrasión posterior. Inmediato, por debaixo deste círculo, atópase un dos motivos máis singulares do xacemento, un deseño sinxelo de evidente forma barquiforme pero con detalles de difícil identificación/interpretación. Está elaborado cun trazo similar ó do círculo contiguo. Dous pequenos trazos curvos ó final desta liña do casco semellan representar o que serían a proa e a popa. No interior da embarcación obsérvanse uns sucus máis finos de difícil interpretación.

Sobre o que sería a proa do casco (ó leste), atopamos outro interesante deseño, unha posible alabarda con mango e folla triangular con nervio central.

A pesar do regular estado de conservación xeral do panel, os motivos conservados son figuras ben definidas, de orixe claramente antrópica e de grande interese, tanto pola súa singularidade como



Panel 3 con luz natural.

polo soporte empregado. A alabarda sería a primeira representación desta tipoloxía no concello da Estrada e na zona norte da provincia de Pontevedra. Porén, a maior novidade, é o deseño barquiforme, gravado na peneda dun outeiro moi próximo ó Ulla xa que cremos abre as portas a novas interpretacións e liñas de investigación. A relación entre un motivo barquiforme e o círculo tamén ofrece grande interese simbólico.

Panel 4

É unha pequena superficie horizontal situada na base do panel 3, nun pequeno rechán que serve de chanzo para acceder ó cumio do penedo. Figuran dúas coviñas duns 5 cm por 2 de profundidade.

Panel 5

Sitúase no cumio do afloramento da cima do outeiro, inmediato ó oeste do panel 3. A superficie mide 245 x 220 cm e conserva numerosas coviñas de diferentes tamaños e, no lateral surleste, unha combinación circular de 50 cm de diámetro formada por 3 aneis e unha agrupación de pequenas coviñas no seu interior.

Panel 6

Sitúase no cumio do afloramento, inmediato ós paneis 3 e 6. Posúe forma alongada de 5 x 1,50 m. Os gravados consérvanse na parte



Pormenor da combinación do panel 5.



Vista xeral
do panel 6.




Figura 1. Dedicación a Diana de la Quenlla dos Carballos (foto J. M. Abascal)

máis prominente da rocha e os únicos motivos representados son coñiñas e cazoletas, preto de vinte furados de diferentes dimensións e formas, uns redondeados de apenas 3 cm de diámetro e 1 de profundidade e outros alongados de 14 cm de ancho e 4 de profundidade.

Estación 2. A inscrición romana

Incluímos o estudo elaborado polo especialista JUAN MANUEL ABASCAL PALAZÓN¹ que xenerosa e meticulosamente realizou en resposta a nosa petición e a quen desde aquí agradecemos de novo o seu traballo.

La inscripción rupestre para Diana en la Quenlla dos Carballos (San Xurxo de Veá, A Estrada, Pontevedra)

Uno de los últimos testimonios incorporados al catálogo de inscripciones romanas de la provincia de Pontevedra es el texto rupestre situado en el paraje de *Quenlla dos Carballos*, un promontorio boscoso cercano a la margen izquierda

1 Estas líneas se han escrito en el marco del proyecto de investigación «Poblamiento de época romana y evolución del hábito epigráfico en Hispania citerior y norte de Lusitania», PID2019-106169GB-I00 del Ministerio de Ciencia e Innovación del Gobierno de España. La revisión del texto objeto de estas líneas tuvo lugar el 24 de septiembre de 2021 en compañía de Martín Almagro Gorbea (Universidad Complutense), de los componentes del Colectivo A Rula, de Alberto López (Fundación Luis Monteagudo), de M.ª Pilar González-Conde (Universidad de Alicante), de Héitor Picallo y de otros amigos, a quienes agradezco la noticia sobre la existencia del texto y la ayuda para su documentación

del río Ulla, unos 3 Km al suroeste de Pontevea y dentro de la jurisdicción administrativa de la parroquia de San Xurxo de Veá (concello de A Estrada, Pontevedra).

El texto está grabado sobre un gran bloque de esquisto que antiguamente estuvo protegido por una visera hoy perdida y que, gracias a ello, han llegado en un regular estado de conservación hasta nuestros días. La inscripción (Figuras 1 y 2) está formada por cuatro líneas grabadas con una cierta profundidad y en las tres superiores, las que contiene la dedicación propiamente dicha, los caracteres oscilan entre los 6 y los 9 cm. No hay evidencias de interpunciones. En el margen izquierdo superior se encuentra grabado un crismón, que fue añadido *a posteriori* varios siglos después de escribirse el texto.




Figura 2. Transcripción de los trazos visibles en la dedicatoria a Diana de la Quenlla dos Carballos (dibujo: J. M. Abascal).

Los caracteres de la parte derecha del epígrafe están muy gastados y los de la última línea se han perdido en parte aunque permiten hacer una propuesta de lectura. La letra A carece de trazo horizontal en todos los casos y la E está escrita con dos hastas verticales paralelas en un formato cursivo que es habitual en inscripciones antiguas de comienzos del Principado.

Con las salvedades propias derivadas del estado de la roca, el texto parece decir lo siguiente:

Arcișuș
T(itus) Aulius
Diân<a>e ęx
ęișu a(nimo) ! (ibens) p(osuit)

Es decir: Titus Aulius Arcisus realizó libremente esta dedicación para Diana como consecuencia de una visión (un sueño, algo revelado).

La dedicación a Diana en un contexto rupestre en ámbito boscoso no debe extrañar, puesto que con frecuencia se asoció en la antigüedad a este tipo de espacios e, incluso, se llegó a invocar mediante inscripciones para convertir en lugares de culto algunas canteras abandonadas. Un buen ejemplo de ello es el



Fotogrametría da inscrición votiva.

santuario de Diana de Segobriga (Saelices, Cuenca)², un espacio sacralizado en una antiguo centro de extracción de piedra. En Galicia hay varias dedicatorias a Diana, entre las que se pueden citar a modo de ejemplo las de San Lourenzo de Muimenta (conc. Lalín, Pontevedra)³ o la de *San Pedro de Baroña* (conc. *Porto do Son, Coruña*)⁴

La fórmula «ex visu»⁵ es corriente en la epigrafía votiva de Galicia, en donde conocemos ya un buen número de testimonios, entre los que se pueden citar el altar para *Lahus Paraliomegus* en Lugo⁶, el de *Verore* de la misma localidad⁷, otro a un *Lar Pemaneiecus* en la capilla de San Pedro (San Vicente de Reádegos,

- 2 M. Almagro Basch, «El “Delubro” o Sacellum de Diana en Segobriga, Saelices (Cuenca)», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 79, 1976, 187-214; G. Alföldy, *Epigraphica Hispanica* 6. Das Diana- Heiligtum von Segobriga, *Zeitschrift für Papyrologie und Epigraphik* 58, 1985, 139-159; M. Almagro Gorbea, El *Lucus Dianae* con inscripciones rupestres de Segobriga, en: A. Rodríguez Colmenero L. Gasperini (Ed.), *Saxa Scripta (inscripciones en roca)*. *Actas del Simposio Internacional Ibero-Itálico sobre epigrafía rupestre. Santiago de Compostela y Norte de Portugal, 29 de junio a 4 de julio de 1992 (Anejos de Larouco 2)*, Coruña 1995, 61-96.
- 3 G. Baños Rodríguez, *Corpus de inscripciones romanas de Galicia I*. Provincia de Pontevedra, Santiago de Compostela 1994, 209-210 n.º 88.
- 4 *CIL* II 5638.
- 5 L. Fernández Fuster, «La fórmula *ex-visu* en la epigrafía hispánica», *Archivo Español de Arqueología* 23 n.º 80, 1950, 279-291; A. Balil Illana, «Otra inscripción con la fórmula “*ex visu*”», *Archivo Español de Arqueología* 26 n.º 87, 1953, 181-182; M. Vázquez Seijas, «Un ara más de la fórmula “*ex visu*”», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 36, 1951, 300-301; id. M. Vázquez Seijas, «Un ara más con la fórmula *ex visu*», *Archivo Español de Arqueología* 24, n.º 83 84, 1951, 236-237; A. M.ª Vázquez Hoys, «La estela de la confusión. *CIL* II 6338v y los fantasmas», *Espacio, Tiempo y Forma* (serie 2) n.º 25, 2012, 207-244; D. Serrano Ordozgoiti, «Sueños e incubatio en la epigrafía hispana: las fórmulas *ex visu* y *ex iussu*», en: S. Montero Herrero, J. García Cardiel (eds.), *Santuarios oraculares, ritos y prácticas adivinatorias en la Hispania Antigua*, Madrid 2019, 305-342.
- 6 F. Arias Vilas – P. Le Roux – A. Tranoy, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, Paris 1979, 41 n.º 15.
- 7 *CIL* II 2576.

conc. Vilamarín, Ourense)⁸, y más ejemplares en San Lourenzo de Muimenta (conc. Lalín, Pontevedra), San Xoán de Bardullas (conc. Muxía, A Coruña), etc.

El nombre céltico «Arcisus» aparece en Hispania en testimonios de La Aliseda (Cáceres)⁹, de Conquista de la Sierra, también Cáceres¹⁰ y, sobre todo, en un epígrafe descubierto cerca de Celanova (Ourense)¹¹ que es el más próximo a este nuevo testimonio. Lo mismo puede decirse del nombre latino «Aulius», del que conocemos otros ejemplos en la península Ibérica¹².

La peculiaridad del nombre personal en esta pieza radica en la presencia del *cognomen* antes del *nomen*, un fenómeno ya identificado en ejemplos de São Salvador (Viseu)¹³, en donde se lee *Rufinus Rufi f. Aelatius*, o Campillo de Al-tobuey (Cuenca)¹⁴, en donde aparece un *C. Vandus Aemilius*, en Faro¹⁵ con el testimonio de *Spes Domitia*, o en la propia Mérida (Badajoz)¹⁶, en donde leemos el nombre de *Fausta Coelia*, lo que demuestra que no es un fenómeno restringido a zonas rurales.

Las características del texto, especialmente el modo de escribir la letra E, aconsejan una datación temprana en el siglo I de nuestra era, quizá en su primera mitad o a mediados de la centuria, teniendo en cuenta que el dedicante ya presenta *tria nomina*, es decir, ostenta la plena ciudadanía romana.

Análise xeoastronómica do emprazamento

Revisada a localización deste outeiro obsérvase o seu aliñamento xeoastronómico co Pico Sacro, na posición do luasticio maior norte, nun azimut de 50,8º e 1,2º de elevación.

Isto significa que, vista desde este lugar nesos momentos do seu ciclo, a lúa no seu nacemento excede grao e medio o cumio do monte pola súa esquerda, de modo que o seu disco pode apreciarse completamente libre cando ascende sobre o monte ó amencer.

Debe lembrarse que o disco da lúa ten un tamaño aparente de medio grao, e que en cada ano do seu ciclo de luasticios a súa posición aparente desprázase unha media de grao e medio, precisamente o necesario para que só durante o ano do luasticio maior poda

8 AE 1974, 409.

9 CIL II 733.

10 AE 1993, 942.

11 CIL II 2520.


12 W. Schulze, *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen* (1904). *Mit einer Berichtigungsliste zur Neuauflage von O. Salomies, Zürich Hildesheim 1991, 73*; H. Solin O. Salomies, *Repertorium nominum gentilium et cognominum Latinorum*, Hildesheim – Zürich – New York 1988, 28.

13 AE 1990, 502.

14 CIL II²/13, 1092.

15 CIL II 5148.

16 AE 1994, 859.



Mapa de posicións xeoastronómicas.

contemplarse nacer a lúa á esquerda do Pico Sagro, mentres que no resto de anos do ciclo farao sempre á dereita do seu cumio.

Esta medición topoastronómica é coherente coas posicións acadadas pola lúa nun rango entre o 2.500 a.C. e 500 d.C., xa que, debido ó fenómeno da precesión dos equinoccios, a variación é inferior a un terzo de grao, máis ou menos, segundo consideremos as últimas ou as primeiras datas referidas.

É, por iso, que pode dicirse que a Quenlla dos Carballos representa un marcador astronómico do horizonte ideal para monitorizar o rango de variación das posicións da lúa nas súas fases novas e cheas ó longo de todo o ciclo de lunasticios de 18,6 anos de duración, xa que o Pico Sagro proporciona unha magnífica referencia para comprobar canto tempo falta para chegar ás principais datas sinaladas.

Para contextualizar este feito cómpre considerar o mapa de posicións xeoastronómicas que se acompaña, no que pode comprobarse que a posición relativa do Pico Sacro configura tamén outros relevantes marcadores astronómicos do horizonte respecto das localizacións doutros importantes petróglifos da Idade do Bronce nas terras de Compostela e arredores.

Así, o petróglifo do Castriño de Conxo en Santiago de Compostela alíñase exactamente co Pico na posición acadada polo Sol durante o solsticio de inverno (Bouzas Sierra, A.; 2009). Paralelamente, o petróglifo de Bouza Badín marca no Pico exactamente a posición acadada polo Sol 40 días despois do solsticio de verán, o que se corresponde coa data da festividade céltica de media estación do Lugnasad (Colectivo A Rula, 2021).

Finalmente, respecto da posible interpretación da simboloxía dunha hipotética barca solar ou lunar, compre non esquecer que, xunto ó petróglifo do Castriño de Conxo atópase o lugar onde foi edificada a catedral de Santiago de Compostela, que representa outro punto ideal para a monitorización do ciclo de lunasticios. Esta última posición xeográfica alíñase perfectamente co Pico Sacro no lunasticio maior sur, dato obxectivo que apuntaría a unha continuidade e readaptación de crenzas ó longo dunha «longue durée» (Bouzas Sierra, A.; 2013), cando menos en Galicia dende a Idade do Bronce ata a alta idade media, hipótese que xa foi anteriormente proposta para o fenómeno xacobeo (Bouzas Sierra, A.; 2015).

En resumidas contas, o aliñamento de Quenlla dos Carballos co Pico Sacro durante o lunasticio maior norte semella resultar particularmente esclarecedor por vincular un culto á deusa lunar Diana co mítico monte da Raíña Lupa, testemuñando unha continuidade cultural indubidable desde a Idade do Bronce (representada polas súas típicas combinacións circulares) e nos inicios da romanización ata chegar ás tradicións populares. A pervivencia do culto a Diana na Gallaecia do século VI, denunciada por San Martiño de Dumio, e a relación testemuñada desta deidade romana coa gran deusa galai-ca trifuncional Navia, así como a súa simboloxía lunar compartida (Brañas Abada, R.:2021) falan por si mesmas.




Fotografía aérea do Outeiro da Quenlla dos Carballos e a súa contorna ó E.

Isto podería vincularse tamén coa posible representación dunha nave solar da Idade do Bronce, que eventualmente constituiría un antecedente da milagreira *translatio* da barca de pedra que trouxo o apóstolo Santiago ata Galicia e Compostela, precisamente seguindo o eixe marcado pola ría de Arousa e o val do Ulla ata a cidade. Nesta perspectiva podería tratarse dunha navegación marabillosa en sentido oposto ó movemento natural dos astros, que no ceo se moven aparentemente de leste a oeste. Polo contrario, o que estaría aquí representado sería o tránsito nun sentido sobrenatural de oeste a leste, ou sexa un regreso triunfal atravesando as augas do inframundo para renacer no Pico Sacro ó día seguinte.

A navegación polo río Ulla

O río Ulla foi en tempos antigos moito máis navegable do que é na actualidade no que só se emprega o último treito, os últimos 15 km dende Pontecesures. As fontes clásicas xa documentan a navegación



Fotografía nocturna da «embarcación solar» do panel 3.

polo Ulla. Ptolomeo sinala a existencia do río *Via* (pronunciado 'uia' ou 'ulla') e a incursión das naves río arriba chegadas dende o sur da Península, ata Iria Flavia, importante centro comercial próximo á foz do río.

No medievo as crónicas compostelá sinalan a chegada dos sarracenos a través do Ulla para saquear as terras de Santiago. No ano 858, durante o reinado de Ordoño I unha grande flota viquinga saquea a diocese de Iria. Segundo algúns historiadores, son estas expedicións as que provocan que a sé episcopal sexa trasladada a Santiago de Compostela.

No ano 968 o *Cronicón iriense* dá conta dun novo enfrontamento cos saqueadores nórdicos chegados pola ría de Arousa, a batalla de Fornelos (posiblemente na parroquia de Rarís, Teo) onde o bispo de Iria, Sisnando Menéndez, trata sen éxito de defender o seu territorio e morre dun frechazo na contenda deixando vía libre a incursión viquinga que ocupa a cidade. Nesta data, o historiador Vicente Almazán sinala:

Un diploma do arquivo catedralicio ourensán, redactado dez anos despois dos feitos (978), conta que o mosteiro de San Xoán da Cova, situado á beiriña do Ulla, sufriu tales horrores que ficou «ad nihilum reductus», reducido á nada por causa de «gens pessima Lotomorum».

Arquivo da Catedral de Ourense, *Pergamiños Monacais* C120.

Esta invasión foi a causa de que este mosteiro tivese que ser restaurado, como sinala un documento do ano 978 que recolle o investigador Manuel Rubén García Álvarez na súa obra *El monasterio de San Sebastian del Picosagro*.

No século XVIII, troncos de carballos e piñeiros das numerosas «dehesas reais» da ribeira do Ulla, documentadas no catastro de Ensenada, eran transportados polo río para subministrar á mariña de guerra, representada polo intendente do Departamento de Ferrol. Aínda no século XIX varias novas de prensa dos xornais *La Voz de Galicia* e *Gaceta de Galicia* (1883) documentan o transporte de grandes troncos flotando polo río dende diferentes puntos da Vedra ata Pontecesures para logo seren embarcados e transportados ó seu destino final dende Carril.

Conclusiones preliminares

Son varios os aspectos que fan excepcional a este conxunto de arte rupestre que, ata o de agora, ten pasado un tanto desapercibido, e que o fan merecente de maior atención. A continuación destacaremos algúns deles.

En primeiro lugar as evidencias que indican a existencia no lugar dun santuario de longa tradición. A presenza de gravados de tipoloxías e cronoloxías diversas, así como a presenza da inscrición romana, evidencian unha continuidade na presenza humana no lugar e lévanos a pensar nunha longa pervivencia no uso deste outeiro como espazo sacro e/ou ritual durante a Prehistoria recente e a Idade Antiga.

A singularidade e diversidade dos gravados, xa que a pesar do esquematismo do seu deseño a presenza do motivo barquiforme debe chamar a atención dos investigadores e abrir novas liñas de investigación. Alén dos barquiformes rexistrados no Norte de Portugal, en Galiza só temos novas de deseños de barcos en Borna (Meira), Rio



Combinacións circulares do panel 1 da estación 1.

Vilar (Oia) e Laxe Escrita (Carnota), territorios afastados deste promontorio da bacía do Ulla. De igual xeito, débese salientar a posible presenza dunha alabarda compartindo o mesmo panel con gravados atlánticos e co citado deseño barquiforme.

A elección dun soporte non moi habitual. A natureza do soporte empregado supón outra particularidade deste complexo rupestre, pois a diferenza da grande maioría dos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre non se trata de granito senón dun afloramento de xisto, moi pouco habitual. Neste sentido, a diversidade e a presenza de motivos de grandes dimensións, cunha combinación de case un metro de diámetro, neste tipo de rocha incrementa o valor e a excepcionalidade do xacemento. Atopamos afloramentos de rochas granitoides moi próximas ó lugar. A 200 metros na Pedra Santeira hai restos e memoria dunha canteira. Así, nesta ocasión, parece que primou a elección do lugar e a elección do soporte quedou supeditada a esta.

A inscrición dedicada á deusa Diana supón a constatación da continuidade dun culto vivo cando menos desde a Idade do Bronce ata tempos históricos e, ó mesmo tempo, aporta luz ó pechado signi-

ficado do grupo xeométrico de motivos da nosa arte rupestre prehistórica, ou cando menos a súa utilización en espazos sacrais rituais.

A elección dun lugar aliñado topoastronómicamente co lunastio maior norte no Pico Sacro vén evidenciar a existencia dalgún tipo de elite con coñecementos astronómicos empíricos, cuxa obtención, adquisición e aprendizaxe require dunha transmisión entre varias xeracións con coñecementos especializados.

A pesar dos moitos aspectos que fican sen pechar consideramos esencial dar xa a coñecer o valor deste xacemento ás autoridades para que garantan a súa protección, así como darlle difusión para que os especialistas poidan afondar no seu estudo. Agardamos que nun futuro próximo, unha limpeza e unha intervención arqueolóxica poidan dar respostas a moitas das interrogantes que hoxe permanecen abertas e presentamos aquí como hipóteses de traballo.

Agradecementos

Agradecemos ó propietario desta parcela, A.G. as facilidades prestadas para o estudo deste excepcional ben cultural na bacía do Ulla e a todas as persoas que colaboraron co Colectivo A Rula nesta primeira aproximación ó conxunto rupestre da Quenlla dos Carballos, en especial, a Alberto López, M.^a Pilar González-Conde, Héitor Picallo, J. M. Abascal, Jorge Fernández, Juan Andrés Fernández, Damián Porto, Fernando Alonso Romero e Ana Ruiz Blanch.

Bibliografía

- ALONSO ROMERO, Fernando, «Hallazgo de un petroglifo con representaciones esquemáticas de embarcaciones de la Edad del Bronce», *Zephyrus* XXV, páxs. 295-308, 1974.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «Las embarcaciones en el período germánico del arte rupestre de Carnota A Coruña», en *Galicia, da Romanidade á xermanización*, Museo do Pobo Galego, 1993.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «La embarcación del petroglifo Laxe Auga dos Cebros (Pedornes, Santa María de Oia, Pontevedra)», *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología 1993*, Vigo, 1995.
- ALONSO ROMERO, Fernando, «Las embarcaciones prerromanas del área atlántica europea», en *Brigantium* núm. 34, páxs. 93-158, 2011.

- BOUZAS SIERRA, Antón, «Aportaciones para una reinterpretación astronómica de Santiago de Compostela. El ladrón y el Libredón. Si te llamaras Pelagius o Teodomiro». *Anuario Brigantino*, 32, páxs. 47-92, 2009.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Espacios paganos y calendario céltico en los santuarios cristianos de Galicia». *Anuario Brigantino*, 36, páxs. 43-74, 2013.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Etnoastronomía del calendario céltico en Galicia», *Anuario Brigantino*, 38, páxs. 67-90, 2015.
- BOUZAS SIERRA, Antón, «Aliñamentos astronómicos nos petróglifos de armas da Idade do Bronce», *Anuario Brigantino*, 39, páxs. 45-72, 2016.
- BRAÑAS ABAD, Rosa. «Navia, la gran diosa galaica», en *Memoria del agua, la tradición y el imaginario galaicos*. Editorial Andavira, ISBN 9788412365719. Páxs 133-220. 2021.
- CASTANHEIRA SANTOS, Ana Filipa, *A Laje da Churra, Paço, Carreço, Viana do Castelo, Estudo monografico de um lugar gravado*, 2004.
- COLECTIVO A RULA, «Os Xinetes de Bouza Badín. Arte rupestre no Ayuntamiento de Dodro». Ed. Deputación da Coruña (Edición no venal) Depósito legal: C-325-2021.
<https://colectivoarula.com/2020/09/18/os-xinetes-de-bouza-badin-arte-rupestre-do-Ayuntamiento-de-dodro/>
- COSTAS GOBERNA, F.J., NOVOA ÁLVAREZ, P.; SANROMÁN VEIGA, J. «Sta. M^a de Oia.- Sus grabados rupestres». *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo 1993)*, II. Vigo, 1995.
- COSTAS GOBERNA e PEÑA SANTOS, «Los barcos de los petroglifos de Oia. Los tesoros del hechicero y una nueva embarcación, Glaucopis», *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, núm. 12, páxs. 277-292, 2006.
- COSTAS GOBERNA e PEÑA SANTOS, *Los Barcos de los petroglifos de Oia. Embarcaciones en la Prehistoria reciente de Galicia*, Autoridad Portuaria de Vigo, 2011.
- FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés, «Gravados Rupestres da Estrada: da Idade do Bronce ós nosos días», páxs. 209-230, *A Estrada Miscelánea histórica e cultural*, volume 11, 2008.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel R. «El monasterio de San Sebastian del Picosagro», en: *Compostellanun*, Santiago, t. VI, vol. 2, pax. 181-224, vol.2, 1961
- MEDEROS MARTÍN, Alfredo, *Chipiotras o micénicos. Naves y cargamentos mixtos en el Mediterráneo central (1300-1200 a.C.)*, Academia de España en Roma, páxs. 85-88, 2002.
- MEDEROS MARTÍN, Alfredo, «Auga dos Cebros (Pontevedra, Galicia): Un barco del Bronce Final II en la fachada atlántica de la Península Ibérica (1325-1050 a. C.)», *Saguntum*, 2019.
- MORGADO, García Alfonso, GARCÍA del MORAL, BENAVIDES, RODRÍGUEZ TOVAR e ESQUIVEL, «Embarcaciones prehistóricas y representaciones rupestres, Nuevos datos del Abrigo de Laja Alta, Jimena de la Frontera, Cádiz», en *Complutum* 29, 2018.
- PEREIRA MENAUT, G. *Corpus de Inscripciones romanas de Galicia*, Volume 1. Provincia de A Coruña. Consello da cultura Galega, 1991.

- RUIZ-GÁLVEZ PRIEGO, M., *Representaciones de barcos en el arte rupestre: piratas y comerciantes en el tránsito de la Edad del Bronce a la Edad del Hierro*, páxs. 307-339, 2005.
- SANTOS-ESTÉVEZ, Manuel e BETTENCOURT, Ana, *O conjunto de gravuras rupestres de Santo Adrião (Caminha, Portugal): embarcações, armas, cavalos e ex-votos*, páxs. 1055-1070, 2017.
- SIMS, L.D. «Interpretation through emergence: reconstituting the lost complexity of the late Neolithic/Early Bronze Age cosmivision by multi-disciplinary metho». *PhD thesis, University of East London* 266 pp. (<http://hdl.handle.net/10552/1885>), 2013.
- THOM, A., «Megalithic Lunar Observatories». *Clarendon Press*. ISBN-10: 0198581327 / ISBN-13: 9780198581321, 127 pp. 1971.